




| | | |
|---|----------------------------|--|
| Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS | Documento 1051AI02RV | |
| Código de verificación  3M2J 730C 2356 3B3L 09IE | Expediente 105/2026/327 | |
| | Fecha 30-01-2026 | |

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS MUNICIPAIS PARA O PAGO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2026/2027

1.- OBXECTO

1.1.- De conformidade coas competencias que atribúe aos concellos a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, é obxecto desta convocatoria regular a concesión de axudas económicas para o pago do servizo de comedor escolar durante o período lectivo do curso escolar 2026/2027 para o alumnado empadroadado no Concello da Coruña.

1.2.- Para o goce das bolsas de comedor escolar será necesario que a persoa beneficiaria realice as xestións oportunas para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal, na modalidade presencial de luns a venres.

1.3.- Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda de institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade salvo coa concedida polo Ministerio de Educación para os menores con necesidades educativas especiais.

2.- RÉXIME XURÍDICO DAS BOLSAS COMEDOR

2.1.- A convocatoria rexeráse pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 157 de 16/08/2024, de conformidade co previsto na disposición adicional oitava, e no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións, pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e pola normativa regulamentaria que desenvolven estas normas. Resultará tamén de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

2.2.- A convocatoria estará ao dispor das persoas interesadas na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gi>), así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>). Ademais, un extracto da devandita convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña (<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>).

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO DO PROGRAMA



3.1.- O crédito total destinado a esta convocatoria é de 2.600.000,00€. Deste importe, 806.000,00€ impútanse ao exercicio do 2026 e 1.794.000,00€, correspondentes aos meses de decembro do 2026 e seguintes, imputaranse ao orzamento municipal do 2027. En todo caso, este gasto imputarase á aplicación 51.231.22723 do orzamento en vigor da anualidade que corresponda.

A concesión efectiva da bolsa de comedor para os meses de decembro 2026 e seguintes quedará condicionada a que exista crédito suficiente no orzamento municipal do 2027.

3.2.- De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito incrementese como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou unha maior asignación para esta finalidade, a contía adicional poderá aplicarse á concesión de bolsas sen necesidade dunha nova convocatoria.

4. LÍMITE INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN

4.1.- A contía da bolsa cubrirá a totalidade do custo do servizo do comedor nos centros públicos de segundo ciclo de educación infantil e primaria (CEIP), nos institutos de ensino secundario (IES) e de formación profesional ou nos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE).

4.2.- A contía da bolsa será de 80€/mes nos centros privados e/ou concertados. Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

Este importe poderá incrementarse ata 98,00 €/mes nos seguintes casos:

- A proposta do persoal técnico dos servizos sociais municipais mediante informe que así o xustifique.
- No caso de persoas beneficiarias tuteladas por unha institución pública, que se achen en réxime de acollemento familiar ou menores que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.

4.3.- A axuda concedida non cubrirá ningún gasto complementario ao servizo de comedor como o seguro, cotas de alta nas ANPAS ou outros conceptos que se facturen polas empresas prestadoras do servizo ou entidades xestoras, que non se correspondan estritamente coa prestación do servizo de comedor.

5.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderá ser persoa beneficiaria desta convocatoria o alumnado dos centros escolares nos que se imparta segundo ciclo de educación infantil, primaria, ensino secundario obrigatorio, bacharelato e formación profesional, así como dos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos, sempre que estean localizados no termo municipal da Coruña e estean autorizados pola Consellería competente para a prestación do servizo de comedor escolar.

6.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS BENEFICIARIAS

6.1.- A persoa beneficiaria deberá dispoñer de documento nacional de identidade (en diante, DNI), número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou número de identificación fiscal válido (en diante, NIF) antes da finalización do prazo de corrección de documentación.



6.2.- O alumnado solicitante, para ter a condición de persoa beneficiaria, deberá ademais reunir os seguintes requisitos, que deberán manterse desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e ata a finalización da actividade subvencionada:

- a) Estar empadroadado no Concello da Coruña.
- b) Estar matriculado ou solicitar matrícula dentro do prazo establecido pola Consellería competente, nun centro educativo do termo municipal da Coruña que conte con servizo de comedor autorizado.
- c) Non superar os 8.000 euros anuais de ingresos per cápita da unidade familiar nuclear. Non se esixirá este requisito no caso de menores en réxime de acollemento familiar, que estean tutelados por unha institución pública ou que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.
- d) Atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social en virtude do art. 24 do regulamento de subvencións 887/2006, que establece un réxime simplificado de acreditación do cumprimento cando a contía de subvención a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000,00€.
- e) Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de fondos públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- f) Non resolver de maneira culpable ningún contrato realizado coa administración.
- g) Non incorrer en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei Xeral de Subvencións).
- h) Non ter en trámite ningún expediente de reintegro de subvencións.
- i) Non ter sanción mediante resolución firme que implique a perda da posibilidade de obter subvencións.
- j) Calquera outro establecido na normativa sectorial de aplicación.

7.- OBRIGACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE BOLSA COMEDOR

7.1.- Realizar as xestións oportunas co provedor ou entidade xestora do servizo de comedor para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal na modalidade presencial e con asistencia continuada de luns a venres.

7.2.- Asistir ao comedor durante o período lectivo, do mes de setembro do 2026 a xuño de 2027. Os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios ou por mostraxe para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar así como o control do número de faltas.

7.3.- Comunicar e xustificar as faltas de asistencia ao comedor escolar a través do rexistro municipal ou na dirección de correo electrónico becacomedor@coruna.gal.

Só serán xustificables as faltas de asistencia que obedezan a algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando a falta veña motivada por motivos médicos ou terapéuticos. Neste caso deberá achegarse á comunicación o xustificante da cita médica ou ben un informe emitido polo facultativo correspondente asinado ou selado.
- b) Cando a falta derive dun procedemento disciplinario, así como das actividades ou saídas de carácter educativo ou cultural organizadas desde o centro educativo, nese caso deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia.
- c) Cando as faltas teñan carácter puntual e obedezan a situacións de indisposición ou enfermidade das persoas usuarias cunha duración inferior a cinco días hábiles. Neste caso será suficiente a



comunicación das faltas de modo previo á finalización do mes natural ao que se refiran. No caso de que a ausencia exceda este prazo, computaranse como falta non xustificada os días que excedan o prazo anterior, salvo que se remita informe médico que acredite a ausencia.

7.4.- Solicitar por escrito no rexistro municipal a suspensión temporal do servizo polas circunstancias sinaladas no art. 14.2 desta convocatoria.

7.5.- Comunicar por escrito no rexistro municipal os cambios de domicilio a efectos de notificación, os cambios de centro escolar, modificacións do titor/a legal, así como a renuncia da axuda concedida.

7.6.- Cumprir coa normativa específica reguladora de cada comedor.

7.7.- No caso do alumnado dun centro privado e/ou concertado, abonar a diferenza existente entre a axuda concedida e o prezo do servizo de comedor escolar fixado pola entidade xestora.

7.8.- No caso do alumnado de centros de educación especial con autorización de escolarización combinada, deberá asistir ao comedor escolar de conformidade coa resolución da autoridade educativa, permitíndose excepcionalmente réximes de adaptación.

7.9.- Comunicar aos servizos municipais a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, ente público nacional ou internacional, ou de entidades privadas, que resulten incompatibles coa bolsa de comedor municipal.

7.10.- Estar ao corrente de obrigacións tributarias e coa Seguridade Social en virtude do art. 24 do regulamento de subvencións 887/2006, que establece un réxime simplificado de acreditación do cumprimento cando a contía de subvención a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000,00 €.

7.11.- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.

7.12.- Calquera outra establecida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na normativa regulamentaria de desenvolvemento.

8. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E OUTRA DOCUMENTACIÓN

8.1.- Para solicitar a Bolsa comedor 2026/2027, deberá presentarse no rexistro municipal, a través do rexistro telemático da sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos>) ou en calquera dos previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a seguinte documentación:

- A solicitude específica deseñada para esta convocatoria 2026/2027 (modelo 088) debidamente asinada pola persoa solicitante da axuda (alumno/a) ou, no caso de ser menor de idade, asinada pola persoa proxenitora custodia, persoa acollidora ou persoa titora legal que presenta a solicitude. No caso de que a solicitude se presente por persoas distinta das anteriores deberá achegarse coa solicitude un escrito de aceptación da representación asinado



tanto pola persoa outorgante como pola representante, na que deberán figurar os seus datos completos (nome, apelidos e documento de identificación), e ao que se achegará unha copia dos documentos de identificación de ambos.

- A documentación que se sinala no apartado 10 como documentación obrigatoria
- A documentación que se sinala no apartado 11 no caso de que concorran na valoración da solicitude circunstancias distintas da capacidade económica da unidade familiar nuclear.

8.2.- Os rexistros municipais facilitarán copias desta solicitude e dos anexos, que tamén estarán dispoñibles na sede electrónica municipal.

8.3.- O prazo para presentar as solicitudes empezará o día 23 de febreiro de 2026 e finalizará 13 de marzo de 2026.

8.4.- Os documentos presentados nun idioma distinto aos cooficiais na comunidade autónoma, só serán tidos en conta se se acompañan da súa tradución oficial ás devanditas linguas, de acordo co artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non será necesaria a tradución anterior no caso de que se acheguen ao expediente formatos estándares plurilingües que inclúan un dos idiomas cooficiais na comunidade.

8.5.- A solicitude e os anexos que se presenten deberán estar asinados electrónicamente a través dunha ferramenta homologada de sinatura electrónica (Autofirma, VALIDe ...) ou ben, asinados de maneira manuscrita, non considerándose válidas as firmas nos documentos que non reúnan as evidencias que garantan a súa validez nos termos que esixe o artigo 10.1 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.6.- Só será admitida a trámite unha solicitude por persoa solicitante (alumno/a). No caso de que haxa duplicidade de solicitudes dun mesmo alumno/a primará sempre a primeira presentada dentro do prazo establecido salvo que a persoa interesada ou o representante que figura na primeira solicitude manifeste expresamente que desiste da primeira solicitude en favor da segunda.

8.7.- Todas as listaxes obxecto de publicación sinalados nos art. 12 e 13 desta convocatoria, identificarán a solicitude do alumnado atendendo o código do seu expediente individual. Para facilitar a identificación do expediente de cada persoa solicitante, con cada publicación no taboleiro de anuncios que se realice ata a resolución da convocatoria, publicarase unha lista que identificará a totalidade das solicitudes presentadas no rexistro segundo o seu código de asento, xunto co número de expediente individual asignado e a data de entrada da solicitude no rexistro.

9. CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

9.1.- A valoración das solicitudes realizarase en concorrencia competitiva mediante comparación das solicitudes presentadas, e virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques:

- A. Situación económica da unidade familiar nuclear.
- B. Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
- C. Situación socio-familiar.
- D. Situación de discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.



Outorgarase a concesión automática e directa da bolsa ás persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos do apartado 6 desta convocatoria, áchense nalgunha das seguintes situacións:

- Menores tutelados por unha institución pública.
- Menores que se atopen en situación de acollemento familiar.
- Menores que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.

9.2.- Na valoración das solicitudes, atenderase o concepto de unidade familiar nuclear, entendendo polo mesmo a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas: a persoa solicitante, os seus irmáns/as menores de idade que convivan no mesmo domicilio, as persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela.

Para determinar o número de membros computables da unidade familiar deberase relacionar na solicitude específica presentada os irmáns/as menores de idade que convivan no mesmo domicilio que a persoa solicitante, debendo especificar no anexo I os proxenitores computables.

9.3.- Situación económica da unidade familiar nuclear.

9.3.1.- O cálculo da situación económica virá determinada pola renda per cápita da unidade familiar nuclear (RPC), que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela, entre o número de membros da devandita unidade.

O número de membros computables da unidade familiar calcularase con datos contidos no anexo I e na solicitude específica presentada.

9.3.2.- Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar nuclear atenderase a:

- a) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2024 (Modelo D-100 do IRPF)

Con carácter xeral sumaranse a base impoñible xeneral e a base impoñible do aforro do exercicio 2024 (casas 435 e 460 da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2024).

Computarase esta renda cunha porcentaxe do cincuenta por cento (50%) nos seguintes casos:

- Cando a declaración do ano 2024 fose presentada conxuntamente por ambos os proxenitores, pero na unidade familiar nuclear só deba computarse unha única persoa proxenitora.
 - Cando ao consultar a declaración do IRPF do ano 2024 dunha das persoas proxenitoras, esta fose presentada de forma conxunta con outro contribuínte maior de idade que non ostente a condición de proxenitor da persoa solicitante.
- b) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación de rendas do ano 2024. Para estes efectos sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.
- c) No caso de que non sexa posible a obtención de datos sobre ingresos por non constar de alta a persoa no Censo de Contribuíntes da AEAT no exercicio 2024, teranse en conta os ingresos que se deduzan da declaración xurada conforme o Anexo II, da vida laboral e do resto de documentación presentada de conformidade co previsto no apartado 10.4 desta convocatoria.



- d) No caso de que, realizada a consulta previamente autorizada, a Axencia Tributaria non facilite os datos económicos das persoas interesadas por existir incidencias pendentes de resolver coa súa declaración, requirirase á persoa interesada para que achegue unha copia da declaración do IRPF do exercicio 2024. Nestes casos, non será posible emendar a imposibilidade de consulta reiterando a autorización de consulta no anexo I.
- e) As pensións de alimentos actuais establecidas nas sentenzas de separación ou convenios reguladores instados ou aprobados xudicialmente en relación co/a menor solicitante. Estas pensións non computarán en caso de falta de pagamento sempre que fose solicitada a execución do título xudicial.
- Se a pensión de alimentos actual recoñécese antes do ano 2025, multiplicarase a pensión establecida na resolución xudicial por doce mensualidades. Se a pensión de alimentos fixouse durante o ano 2025, multiplicarase a cantidade recoñecida polo número de mensualidades que corresponda, desde o mes seguinte ao da resolución xudicial, e ata o 31 de decembro dese ano. Non se computarán as pensións recoñecidas durante o exercicio 2026.
- f) No caso de que a proxenitora acredite unha situación de violencia de xénero por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, mediante un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, non se terán en conta os ingresos do proxenitor agresor para determinar a renda da unidade familiar nuclear.

Unha vez fixada a renda per cápita da unidade familiar nuclear aplicarase o seguinte baremo:

| RENDA PER CÁPITA (RPC) | PUNTUACIÓN |
|---------------------------------|------------|
| DENDE 0.00€ ATA 5.000,99 € | 10 PUNTOS |
| DENDE 5.001,00 € ATA 6.000,99 € | 9 PUNTOS |
| DENDE 6.001,00 € ATA 7.000,99 € | 8 PUNTOS |
| DENDE 7.001,00 € ATA 7.999,99 € | 7 PUNTOS |
| 8.000,00 € OU MÁIS | 0 PUNTOS |

9.4.- Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.

| | |
|---------------------------|----------|
| INCOMPATIBILIDADE HORARIA | 2 PUNTOS |
|---------------------------|----------|

9.5.- Situación socio-familiar.

| | |
|---------------------|---------|
| MONOPARENTALIDADE | 1 PUNTO |
| VIOLENCIA DE XÉNERO | 1 PUNTO |
| FAMILIAS NUMEROSAS | 1 PUNTO |

9.6.- Discapacidade da persoa solicitante e/ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

| | |
|---|---------|
| DISCAPACIDADE DA PERSOA SOLICITANTE | 1 PUNTO |
| DISCAPACIDADE DALGUNHA DAS PERSOAS QUE OSTENTEN A CUSTODIA (MÁXIMO 1 PUNTO) | 1 PUNTO |



9.7.- A valoración das solicitudes presentadas realizarase coa documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

9.8.- Serán denegadas por non alcanzar a puntuación mínima todas aquelas solicitudes da axuda económica para comedor escolar que non alcancen unha puntuación de 10 puntos.

9.9.- As solicitudes de axudas que alcancen 10 ou máis puntos serán ordenadas de maior a menor puntuación.

9.10.- A proposta de concesión formulada polo órgano instrutor adxudicará a bolsa comedor de maneira provisional atendendo á prelación de solicitudes ata esgotar un crédito de 2.550.000,00 euros, reservándose 50.000,00 € para a cobertura de estimación de alegacións, recursos e outros.

9.11.- De non ser suficiente o crédito da convocatoria para atender a todas as solicitudes valoradas con 10 ou máis puntos, o órgano instrutor propoñerá a adxudicación de axuda comezando por aquelas que obteñan unha maior puntuación. Se durante este proceso, constátase que o crédito non é suficiente para cubrir todos os expedientes que se atopan empatados na súa puntuación final, aplicarase, para desfacer o devandito empate, e por esta orde, os seguintes criterios:

1. Maior puntuación no apartado de valoración Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
2. Maior puntuación obtida no apartado de valoración da situación socio-familiar.
3. Maior puntuación obtida no apartado de valoración da discapacidade.
4. Maior puntuación obtida no apartado de valoración da situación económica da unidade familiar nuclear.

Os criterios anteriores iranse aplicando sucesivamente ata que o crédito dispoñible non sexa suficiente para conceder todas as solicitudes que teñan unha idéntica situación e valoración segundo o apartado anterior, nese caso, procederase a realizar un sorteo público. Para ese efecto no taboleiro de edictos municipal publicarase un anuncio que indicará o día, hora e lugar no que se realizará o sorteo, así como a relación de expedientes afectados polo empate. O número asignado para o sorteo a cada persoa solicitante virá determinado polos catro díxitos finais do seu código de expediente.

No devandito sorteo, extraerase un número composto por cadro díxitos, e resultarán persoas beneficiarias as que teña asignado o número elixido e os posteriores en orde ascendente ata esgotar o crédito consignado na base 9.10 da convocatoria. En caso de que o expediente co número maior da listaxe resulte beneficiario e aínda exista crédito dispoñible, continuarase a adxudicación de bolsas desde o expediente con número menor da listaxe e en orde ascendente ata esgotar o crédito.

10. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

10.1.- Débese presentar con todas as solicitudes a seguinte documentación:



10.1.1- Modelo de solicitude específica para a convocatoria 2026/2027 (modelo 088) cuberto e asinado pola persoa solicitante (alumno/a) ou, no caso de menores de idade, pola persoa proxenitora custodia, persoa acollidora ou persoa titora legal.

No caso de que a solicitude se presente por persoas distinta das anteriores, deberá achegarse coa solicitude un escrito de aceptación da representación asinado tanto pola persoa outorgante como pola representante, na que deberán figurar os seus datos completos (nome, apelidos e documento de identificación), e ao que se achegará unha copia dos documentos de identificación de ambos.

Coa firma da solicitude autoriza que o Concello da Coruña consulte os seguintes datos agás que se opoña á consulta.

- Dispoñer de DNI, NIE.
- Estar matriculado ou solicitar matrícula, nun centro educativo do termo municipal da Coruña que conte con servizo de comedor autorizado pola Consellería competente. Esta consulta realizarase directamente co centro educativo indicado na solicitude.
- Certificado de discapacidade da persoa solicitante, se é sinalada esta circunstancia na solicitude.
- Menores que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida, se é sinalada esta circunstancia na solicitude.

En caso de opoñerse na casa correspondente, ou non facilitar os datos básicos para realizar as consultas anteriores, deberá achegar unha copia dos documentos acreditativos.

En relación cos datos do padrón municipal, coa firma da solicitude da axuda realizarase a correspondente consulta ao amparo do artigo 16.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), por ser necesaria esta consulta para os efectos de comprobar o cumprimento do requisito 6.2.a) desta convocatoria, co fin de adquirir a condición de persoa beneficiaria.

A persoa solicitante deberá indicar no apartado correspondente os/as irmáns/as menores de idade convivintes coa persoa solicitante, ademais das circunstancias da unidade familiar a valorar distintas da situación económica.

10.1.2.-Libro de Familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que acredite este vínculo.

10.1.3.- Anexo I. Consentimento para a consulta de datos.

Para os efectos de determinar os membros da unidade familiar nuclear indicárase no Anexo I a situación que corresponda respecto á custodia da persoa solicitante de Bolsa Comedor 2026/2027.

Segundo a situación sinalada respecto á custodia da persoa solicitante, a/as persoas proxenitoras custodias poderán autorizar a consulta de datos relativos ao IRPF do exercicio 2024 e sinalar as circunstancias que lle sexan de aplicación (Título de familia numerosa, vida laboral no caso de traballadores por conta propia e certificado de discapacidade dalgunha das persoas que ostentan a custodia).

Non se considerará autorizada a consulta no caso de que non figuren os datos completos da persoa que autoriza a consulta, incluíndo o número de documento de identificación, e a súa firma.



10.2. -Se o/a menor solicitante posúe unicamente como documento identificativo un **NIF provisional** expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, será necesario achegar copia deste por imposibilidade de consulta por parte desta Administración.

10.3.- Segundo estea atribuída ou exercida a **custodia da persoa** solicitante na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, deberá presentarse coa solicitude a seguinte documentación:

A) No caso de custodias atribuídas ou exercidas por unha persoa proxenitora:

A.1) Se existe unha única persoa proxenitora.

Neste caso presentarse o libro de familia completo acompañado, no seu caso, do certificado de defunción da outra persoa proxenitora.

A.2) Custodia exclusiva a un/unha proxenitor/a por sentenza xudicial

Presentarase unha copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais.

A.3) Demanda xudicial para o establecemento de medidas paterno-filiais por unha persoa proxenitora, na que conste que está a solicitar o exercicio en exclusiva da garda e custodia.

Presentarase copia completa da demanda e a xustificación da presentación perante o xulgado con data anterior á de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A.4) Situación de violencia de xénero da proxenitora acreditada por calquera das formas do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

No caso de que a acreditación se realice de conformidade coa letra a) e b) deste artigo, deben conter unha medida en vigor nos doce meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Para o resto das acreditacións recollidas no artigo, o documento deberá emitirse nos doce meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

B) No caso de custodias atribuídas ou exercidas por dúas persoas proxenitoras:

B.1) No caso de que ambas as persoas proxenitoras teñan atribuída a custodia compartida por sentenza xudicial, presentarse copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente con data anterior á de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

B.2) No caso de que ambas as persoas proxenitoras teñan atribuída a custodia compartida sen sentenza xudicial, unicamente sinalarase no anexo esta circunstancia.

10.4.-Anexo II. Declaración xurada de ingresos das persoas proxenitoras.

Nos casos no que as persoas proxenitoras non consten de alta no censo de contribuíntes da AEAT para o exercicio 2024 e como consecuencia non fose posible a consulta dos datos autorizados no Anexo I, sinalarán no Anexo II a causa que imposibilita esta consulta.

Ademais, deberán declarar no devandito anexo, os ingresos que obtivesen nos doce meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e a súa procedencia. Nos casos en que os ingresos dos últimos doce meses procedan de rendementos de traballo, deberase presentar:



Concello da Coruña

- As nóminas dos últimos seis meses anteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes, no caso de traballadores por conta allea.
- As declaracións tributarias trimestrais relativas ao período anterior, no caso de traballo por conta propia.

Para a valoración da situación económica da unidade familiar de conformidade co apartado 9.3 teranse en conta os ingresos declarados e os ingresos medios que resulten da documentación sinalada neste apartado cuantificados para 12 meses.

Cando as persoas proxenitoras non percibisen ningún ingreso económico durante os doce meses anteriores, deberá facerse constar na apartado “contía en euros” calquera expresión que indique que non percibiu ingresos económicos ou rendas no devandito período, non podendo deixar o espazo habilitado para tal concepto en branco.

A firma do anexo II permitirá tamén a consulta da vida laboral, salvo oposición da persoa a súa consulta, debendo neste caso presentar unha copia do devandito documento datada no ano en curso.

10.5.- Nos casos de educación **combinada**, deberá presentarse copia a resolución da autoridade educativa que especifique o réxime de asistencia a cada centro docente, así como a documentación que poida facer referencia aos períodos de adaptación aos mesmos.

10.6.- No caso de persoas solicitantes que se atopen en situación **de acollemento familiar ou menores tutelados por unha institución pública** será necesario presentar copia da resolución administrativa ou xudicial que acredite esta circunstancia.

11.- DOCUMENTACION XUSTIFICATIVA DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS para VALORAR DISTINTAS DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR NUCLEAR

11.1.- Incompatibilidade horaria.

Para acreditar a incompatibilidade horaria deberá presentarse a seguinte documentación polas persoas que teñan a custodia da persoa solicitante:

- No caso de traballadores por conta allea, un certificado emitido pola entidade contratante que deberá ter data correspondente á anualidade 2026 e contar coa firma da persoa responsable e/ou selo da empresa.
- No caso de traballadores por conta propia, deberá indicarse esta circunstancia no Anexo I, autorizándose a consulta da vida laboral salvo oposición, debendo neste caso presentar unha copia do devandito documento con data correspondente á anualidade de 2026. No caso de traballadores por conta propia que non coticen directamente no réxime de autónomos senón a través das mutualidades dos seus colexios profesionais ou outras circunstancias análogas, deberá acreditarse a situación de alta a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes mediante certificación da mutualidade ou, de non existir esta, pola entidade equivalente.

Nos casos en que exista un réxime de custodia compartida por sentenza xudicial ou convenio regulador aprobado xudicialmente, deberá acreditar a incompatibilidade a persoa proxenitora que figure como representante legal na solicitude.



As persoas que se queiran acoller ás circunstancias sinaladas no punto 10.3.A) 3 e 4, deberán acreditar a incompatibilidade horaria da persoa que figure como representante legal na solicitude.

11.2.- Situación socio-familiar.

11.2.1.- A situación de monoparentalidade acreditarase mediante a presentación do certificado de monoparentalidade en vigor expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou a que se considere competente neste caso.

11.2.2.- A situación de violencia **de xénero** acreditarase a través de calquera dos medios que permite o art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- e) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calquera outras que se establezan regulamentariamente.

No caso de que a acreditación se realice de conformidade coa letra a) e b) deste artigo, deben conter unha medida en vigor nos doce meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Para o resto das acreditacións recollidas no artigo, o documento deberá emitirse nos doce meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

11.2.3.-A situación de **familia numerosa** consultarase, no caso de indicarse esta circunstancia no Anexo I, salvo oposición á devandita consulta. Deberá presentarse o título de familia numerosa en vigor no caso de oposición á consulta ou cando o título non fose consultable por expedirse por outra Comunidade Autónoma.

11.3.- Situación de discapacidade da persoa solicitante e/ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

A discapacidade da persoa solicitante consultarase, no caso de marcarse a circunstancia na solicitude específica salvo oposición á devandita consulta, nese caso deberá de presentarse unha copia do devandito documento.

No caso de que a discapacidade afecte a algunha das persoas que ostentan a custodia, sinalarase esta circunstancia no anexo I e realizarase a consulta salvo oposición expresa, nese caso deberá presentarse unha copia do devandito documento.



Tamén se obterá puntuación neste apartado no que caso de que se acredite documentalmente no expediente que algunha das persoas que ostenten a custodia da persoa solicitante teña recoñecida a incapacidade permanente no grao total, absoluta ou gran invalidez ou ben unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, de conformidade co Real Decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

12.- PROCEDEMENTO. INSTRUCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCION PROVISIONAL.

12.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o servizo competente, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos, así como a presentación da documentación obrigatoria establecida no apartado 10 desta convocatoria.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada opoñase á súa consulta, nese caso deberán as persoas interesadas presentar os documentos.

12.2.- No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada, requirirase ás persoas solicitantes para que nun prazo máximo de dez (10) días hábiles que se contarán desde o seguinte ao da publicación do acto en taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, para que emenden as faltas detectadas (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).

A información tamén poderá estar dispoñible na páxina web municipal (www.coruna.gal/servizossociais) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

No caso de que as persoas interesadas autorizen a consulta de datos, pero esta non fose posible, requirirase ás persoas interesadas para que acheguen ao seu expediente os documentos correspondentes. Non será posible nesta fase do procedemento autorizar novamente a consulta cando esta resultase errada inicialmente pola existencia dunha incidencia na administración que posúe os datos para consultar.

No caso de que a corrección se refira á acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 6 ou á presentación da documentación do apartado 10 da convocatoria, advertirase que en caso de non atender o requirimento ou non facelo adecuadamente teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo caso, as persoas interesadas poderán en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia achegar documentos, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

12.3.- Para a valoración das solicitudes presentadas nomearase un órgano colexiado denominado “mesa de valoración” que aplicará o baremo establecido na presente convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instrutor.



12.4.- O órgano instrutor, á vista do informe anterior, formulará proposta de resolución provisional mediante informe motivado. Esta proposta indicará a listaxe de persoas propostas con axuda concedida de maneira automática, as axudas concedidas tras aplicar os criterios de prelación establecidos no punto 9 desta convocatoria, a proposta de denegación e outras circunstancias.

Desta proposta publicarase un anuncio nos lugares indicados no apartado 12.2 da convocatoria, iniciándose o día seguinte á devandita publicación un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.

13.- PROCEDIMIENTO: ALEGACIONES, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

13.1.- As alegacións poderán facer referencia á existencia de erros na puntuación obtida, a proposta de denegación da axuda ou outras circunstancias sen que poida realizarse nesta fase do procedemento a corrección de documentación requirida anteriormente se non se atendese ao requirimento, nin achegar en fase de alegacións nova documentación que non obrase xa no expediente e poida dar lugar a un cambio da puntuación inicial.

13.2.- Despois de examinar as alegacións presentadas, a mesa de valoración realizará un informe final que se elevará ao órgano instrutor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

Publicada a proposta de resolución definitiva do órgano instrutor nos medios indicados no apartado 12.2 da convocatoria, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á bolsa nun prazo de dez (10) días hábiles. Transcorrido este prazo sen producirse a comunicación da aceptación expresa por parte das persoas beneficiarias, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

13.3.- Transcorrido o prazo anterior, a concelleira delegada da área de Benestar Social, Participación e Igualdade por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada mediante o acordo adoptado o 4 de xullo de 2024 e publicado no BOP da Coruña nº 129 do 5 de xullo do 2024, resolverá a convocatoria. Esta resolución indicará de maneira separada as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

A resolución da concelleira delegada retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor escolar e será notificada colectivamente mediante publicación oficial nos lugares sinalados no apartado 12.2 desta convocatoria.

13.4.- O prazo máximo para resolver a convocatoria e notificar será de seis meses, que se contarán desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentación interromperá este prazo de conformidade co artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPAC).

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar a resolución, lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

13.5.- A resolución da concelleira da área de Benestar Social, Participación e Igualdade que resolva a convocatoria poñerá fin á vía administrativa, podendo contra este acordo interpoñer as persoas interesadas:



- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas). Non se poderá interpoñer recurso xudicial ata o momento en que se resolva expresamente ou ben se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición.
- Poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

13.6.- A resolución dos recursos presentados declarará a inadmisión do recurso, a estimación parcial ou total das pretensións formuladas ou ben acordará a desestimación deste.

No caso de que o órgano instrutor estime procedente propoñer a estimación do recurso e considere necesario realizar unha nova valoración da solicitude presentada como consecuencia diso, a mesa de valoración realizará un informe que se elevará ao órgano instrutor para a súa resolución.

A resolución do recurso de reposición ditarase e notificará individualmente ás persoas interesadas no prazo dun mes, non podendo interpoñerse contra ela de novo este recurso.

No caso de que, estimada a pretensión do recurso, a mesma conleve a concesión da bolsa comedor á persoa solicitante, esta retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor. A obrigaçión de asistencia ao comedor escolar iniciarase coa notificación do acordo de concesión da bolsa comedor.

14. RENUNCIA, SUSPENSION DO SERVIZO, BAIXAS E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS.

14.1.- As persoas beneficiarias de bolsa comedor poderán renunciar de maneira expresa á bolsa concedida, debendo presentar a renuncia no rexistro municipal.

O órgano competente aceptará de plano a renuncia e declarará concluso o procedemento, procedendo a notificar colectivamente o acordo ás persoas interesadas nos lugares indicados no apartado 12.2 desta convocatoria.

14.2.- O goce da bolsa de comedor escolar poderá suspenderse nos seguintes casos:

- a) No caso de que se xustifique que concorran na persoa beneficiaria motivos médicos ou terapéuticos que impidan acudir ao comedor escolar de maneira temporal.
Neste caso, a persoa beneficiaria deberá solicitar por rexistro, e de modo previo á ausencia ao comedor, a suspensión da bolsa achegando un informe médico ou terapéutico no que se especifique o motivo e a previsión da devandita ausencia.
- b) Cando as persoas beneficiarias realizen en prazo coa empresa xestora os trámites para a incorporación ao comedor no mes de setembro, pero esta non resulte posible por non existir prazos suficientes para cubrir a demanda do servizo. Neste caso, antes da finalización do mes de setembro, a persoa beneficiaria poderá solicitar por rexistro a suspensión da bolsa indicando esta circunstancia. Esta suspensión manterá os seus efectos ata o 31 de decembro do 2026.



Concello da Coruña

Os servizos municipais comprobarán coa entidade xestora, de modo previo á suspensión, que se cumpran todos os requisitos previstos neste apartado para a suspensión da bolsa.

- c) No caso de que se produza o peche do comedor escolar pola realización de obras ou outras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Nos informes de seguimento mensual do programa, faranse constar as suspensións, así como as circunstancias que motivaron esta suspensión para cada menor.

A persoa beneficiaria poderá solicitar por rexistro a reactivación da bolsa comedor suspendida cando:

- Suspendéndose a bolsa ao amparo dos apartados 14.2.a) e 14.2.c) finalice a causa que motivou a suspensión.
- A persoa beneficiaria obteña unha praza no comedor antes da finalización do prazo máximo de suspensión previsto no apartado 14.2.b).

14.3.- Os servizos municipais propoñerán de oficio a baixa como persoa beneficiaria da bolsa comedor e a revogación da axuda concedida cando se detecte algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ocultación de información relativa aos requisitos ou alteración das circunstancias determinantes para a concesión da axuda.
- b) Que a entidade xestora do comedor comunique ao Concello que a persoa beneficiaria non realizou os trámites necesarios para incorporarse ao servizo de comedor no prazo habilitado por cada entidade xestora (matrícula, reserva de praza...)
- c) Que a asistencia ao comedor se realice incumprindo condicións ou requisitos desta convocatoria (modalidade de asistencia presencial, de setembro a xuño, de luns a venres...)
- d) O incumprimento do réxime interno do centro educativo para o servizo de comedor.
- e) A falta de asistencia ao comedor non xustificada, continua ou intermitente durante máis de quince días lectivos. Para estes efectos, entenderanse por faltas xustificadas as comunicadas conforme o previsto no apartado 7.3 desta convocatoria.
Con esta finalidade, os servizos municipais poderán realizar coa entidade xestora do servizo controis aleatorios ou por mostraxe para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar.
- f) Incumprimento das obrigacións inherentes a condición de persoa beneficiaria ou a perda de cumprimento de requisitos obrigatorios previstos nesta convocatoria (empadroamento nouro municipio, cambio a centro escolar fóra do termo municipal, cambio a un centro sen servizo de comedor autorizado...). No caso de incumprimento do requisito de empadroamento da persoa solicitante, procederase á baixa de oficio de calquera menor no que se detecte a baixa no Padrón municipal en calquera momento desde a solicitude e ata a finalización do curso escolar, a pesar de que se realizou novamente a alta.
- g) Transcorrido o prazo máximo previsto no apartado 14.2.b) para a suspensión temporal da bolsa, non fose posible a incorporación ao comedor da persoa beneficiaria, sen que conste no expediente solicitude de renuncia ou outros motivos de suspensión.

No caso de que conorra algunha das causas anteriores, o órgano competente acordará o inicio do procedemento para a revogación parcial ou total da axuda concedida, segundo proceda, outorgando ás persoas afectadas un prazo de dez (10) días hábiles para a realización de alegacións.

Finalizado o prazo de alegacións, o órgano instrutor estudará as alegacións presentadas e formulará proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver, que se notificará colectivamente nos lugares indicados no apartado 12.2 da convocatoria.



14.4.- Excepcionalmente e con carácter temporal, permitirá a prestación do servizo de comedor na modalidade de “take away” coa entidade xestora do comedor no que a persoa figure matriculada a persoa solicitante, polos seguintes motivos:

a) Cando iniciado o curso escolar a asistencia presencial ao comedor non poida realizarse pola existencia de obras no comedor escolar ou outras circunstancias similares que impidan a prestación total ou parcial do servizo de comedor no centro educativo.

b) Cando polas circunstancias da persoa beneficiaria, a alimentación deba de realizarse nun establecemento sanitario ou terapéutico que facilite a adquisición de destrezas e autonomía para a futura incorporación ao comedor escolar. Esta situación deberá xustificarse mediante informe do médico ou terapeuta que aconselle esta medida excepcional.

A prestación nesta modalidade realizarase unicamente mentres se manteñan as circunstancias que motivaron a aplicación desta excepcionalidade e sempre que o provedor manifieste a conformidade coa prestación do servizo.

15. COMPETENCIA PARA APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E RÉXIME DE RECURSOS.

A Xunta de Goberno Local, por acordo con data do 04/07/2024, publicado no BOP núm. 129 do 05/07/2024, acordou delegar na persoa titular da área de Benestar Social, Participación e Igualdade a convocatoria para a concesión de bolsas municipais de comedor escolar, a autorización e disposición do gasto correspondente ao curso escolar de calquera contía, e o desenvolvemento de todos os actos de xestión, incluída a adxudicación.

Contra a aprobación desta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación do extracto da convocatoria no BOP.

16. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

16.1.- De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

16.2.- Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión e limitación do tratamento dos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 13 a 18 da citada Lei, a través do rexistro municipal ou ben na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>)



17. PAGO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Ao PROVEDOR DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

17.1.- O pago da subvención realizarase directamente á entidade que presta o servizo de comedor escolar e no centro en que a persoa beneficiaria áchase matriculado, por expresa delegación do pago efectuada coa firma da solicitude. O pago delegado ao provedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual nin cambio algún na identidade da persoa beneficiaria e obrigada ao cumprimento desta convocatoria.

17.2.- Os provedores do servizo deberán presentar mensualmente ao Concello as facturas electrónicas que procedan pola prestación de servizos de comedor, achegando unha listaxe de persoas beneficiarias aos que se prestou o servizo.

17.3.- Coa firma da solicitude autorízase expresamente ao Concello da Coruña a manter as comunicacións necesarias coa entidade xestora do comedor, coa finalidade de acreditar o cumprimento das obrigacións da convocatoria, incidencias detectadas na asistencia ao comedor, baixas no servizo e outros.

18. OBRIGACIÓNS RELACIONADAS COA TRANSPARENCIA DA INFORMACIÓN PÚBLICA-

18.1.- De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e o artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, publicaranse no Portal de Transparencia do Concello, as subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo e finalidade.

Os requirimentos de corrección, as propostas provisionais e definitivas e a resolución da convocatoria notificaranse ás persoas interesadas de conformidade co artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, de tal forma que, de conformidade co artigo 45.1.b) da mesma norma a notificación será substituída pola publicación en taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello cos mesmos efectos.

18.2.- De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Boletín oficial da provincia da Coruña.